



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS 'NAVEGA CON RUMBO' E 'PROGRAMACIÓN NAS ESCOLAS'.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

Da outra, D. _____, con NIF _____, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (en diante, o Colexio), en nome e representación desta entidade, con sede na rúa Fernando III O Santo, nº 13, 1ºA, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos do Colexio, aprobados polo Decreto 214/2008, do 11 de setembro, da Xunta de Galicia (DOG do 3 de outubro), así como pola Lei 10/2006, do 1 decembro, do Parlamento de Galicia, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

As dúas partes teñen plena capacidade legal para levar adiante este protocolo de colaboración e

EXPOÑEN:



I. Que a Consellería exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades e, entre outras funcións, o desenvolvemento de accións encamiñadas á formación e perfeccionamento do estudantado galego en todos os ciclos, segundo o disposto no artigo 1º do Decreto 585/2005, do 29 de decembro (DOG do 9 de xaneiro de 2006).

II. Que a Consellería ten encomendadas competencias para contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información nos centros educativos públicos. Así mesmo, é responsable da política de fomento e coordinación para a creación de programas destinados a facilitarlles aos centros docentes públicos os recursos necesarios para o desenvolvemento adecuado de contornas virtuais de aprendizaxe dentro dunha estratexia de educación dixital, primando as accións de formación e difusión cara á comunidade educativa.

III. Que a Consellería a través dos proxectos Abalar e E-dixgal así como coa introdución da nova materia curricular de Programación , aposta polo desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado como medio de promoción da mellora continua da calidade do sistema educativo, integrando en todos os ámbitos do ensino accións que permitan dotar os membros da comunidade educativa non só dos equipamentos e infraestruturas necesarias si non tamén de contidos e ferramentas dixitais así como de formación. Neste sentido programas como 'Navega con Rumbo' e 'Programación nas escolas' están aliñados na maximización dos esforzos para favorecer unha plena integración do alumnado na nova contorna dixital.

IV. Que o Colexio ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñarías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional, entre as que se atopan a implantación da sociedade da información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se inclúe o ámbito educativo.

V. Que ambas as dúas partes comparten o interese en mellorar e maximizar o uso dos recursos tecnolóxicos postos a disposición do sistema educativo galego no marco do



proxecto Abalar, de xeito que non só se melloren as oportunidades e competencias de alumnado e profesorado, senón que se desenvolva nunha contorna de uso e navegación en internet responsable e útil, que propicie a seguridade mediante a información e a prevención ('Navega con rumbo') e, por outra banda, se potencie o uso da informática e a programación como actividade que reforza as bases da lóxica e do pensamento deductivo ('Programación nas escolas').

Neste sentido, a Consellería e o Colexio pretenden cooperar para desenvolver os dous programas obxecto deste protocolo, dirixidos ao conxunto das comunidades escolares.

'Navega con rumbo VI' vai dirixido con especial atención naquelas comunidades educativas que participan no proxecto de educación dixital E-Dixgal, e está encamiñado, por unha banda, directamente aos escolares para guialos cara a unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos e, por outra, para os profesores e para os pais e nais, facéndoos partícipes das recomendacións que eles poden aprender de xeito que tamén sexan transmisores para o alumnado.

'Programación nas escolas' está encamiñado, por unha banda, directamente aos escolares para guialos nunha ciencia que é fundamental coñecer para estar preparados para afrontar os desafíos futuros e, por outra, para os profesores e para os pais e nais, facéndoos partícipes das recomendacións que eles poden aprender de xeito que tamén sexan transmisores para os rapaces e rapazas. Aprender dende pequenos como funciona un ordenador e como podemos comunicarnos con el permite que os nenos e nenas entendan moito máis da realidade que os rodea, e que estean moito máis preparados para achegar valor na sociedade do futuro. Ademais, a programación fomenta as capacidades creativas do alumnado, permitíndolles realizar de forma sinxela as súas propias aplicacións interactivas: animacións, videoxogos, simulacións, etc. Proporciona, ademais, os coñecementos necesarios para pasar de ser usuarios de aplicacións informáticas a ver os ordenadores como ferramenta de deseño e creación.

A adquisición eficaz por parte do alumnado das competencias clave en matemáticas e en ciencia e tecnoloxía constitúen hoxe en día un dos obxectivos prioritarios dos novos



currículos en todos os sistemas educativos europeos, tanto pola importancia que teñen para o desenvolvemento pleno do alumnado como para o futuro da sociedade galega e europea que precisan dun incremento nas vocacións científicas por ser un elemento clave para o seu desenvolvemento. Neste sentido, a adopción de novas estratexias metodolóxicas que permitan aprendizaxes significativas e fomenten o interese e motivación do alumnado son fundamentais para espertar novas vocacións

En virtude do anteriormente exposto, as dúas partes acordan subscribir este protocolo de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste protocolo é establecer o marco de colaboración entre a Consellería e o Colexio, para a implementación dos seguintes programas:

- 'Navega con Rumbo'. Ten por finalidade ensinarlles aos escolares a realizar unha navegación por internet responsable e útil implicando, igualmente, os profesores, os pais e nais, facéndooos partícipes das recomendacións.
- 'Programación nas escolas'. Ten por finalidade ensinarlles aos escolares dun xeito proactivo e lúdico a programar, introducíndoos no pensamento computacional, de tal forma que dote os alumnos dos fundamentos necesarios para comprender que son e como funcionan os ordenadores e os programas e aplicacións que fan que o mundo de hoxe en día funcione. Do mesmo xeito, pretende apoiar a formación dixital dos profesores, pais e nais, facéndooos partícipes da mellora das competencias tanto en ciencias e tecnoloxía como as comunicativas, artísticas e dixitais do seu alumnado a través da programación en canto á creatividade e á resolución de problemas, obxectivos tan presente na maioría de áreas e materias educativas.



Segunda. Compromisos das partes

2.1. O Colexio levará a cabo as seguintes actuacións:

a) A realización dunhas xornadas divulgativas, destinadas a toda a comunidade educativa (alumnado, profesores e pais e nais) dos centros seleccionados, preferentemente centros Abalar. Nelas empregarase a lingua galega, tanto nas comunicacións orais como nas presentacións e recursos empregados, e levaranse a cabo en horario que permita a máxima difusión entre a comunidade educativa.

- No programa 'Navega con rumbo', terán unha duración de unha hora, e realizaranse un total de 240 xornadas.

- No programa 'Programación nas escolas', terán unha duración de 10 horas cada unha e realizaranse un total de 10 xornadas que beneficiarán a 10 centros.

Nos dous programas, as xornadas serán coordinadas e xestionadas polo Colexio coa supervisión e aprobación da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. O Colexio realizará, entre os participantes nelas, unhas enquisas de satisfacción que lle reportarán á Consellería unha pequena análise dos resultados coas súas conclusións.

b) O Colexio obrígase a levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste protocolo, e debe proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios.

c) O Colexio enviaralle á Consellería unha planificación detallada no prazo de 15 días a partir da sinatura deste protocolo. Así mesmo, informará mensualmente á Consellería do estado de execución das actuacións, e facilitará a inspección e control dos órganos da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas neste protocolo.

d) Nas accións de publicidade e comunicación, así como no material de soporte xerado en relación cos dous programas obxecto deste protocolo deberá figurar expresamente a mención á Consellería coa imaxe corporativa correspondente. O material de soporte



poderá ser utilizado, logo de aprobación das partes, para a formación do profesorado en xeral.

e) No programa 'Navega con rumbo', o Colexio elaborara unha *Guías de boas prácticas* en internet (para alumnado, familias e profesorado), que estarán dispoñibles en soporte dixital e que se distribuirán, en formato impreso, polos centros que determine a Consellería no número que se acorde, en función dos recursos dispoñibles.

2.2. A Consellería levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Colaboración e coordinación co Colexio no desenvolvemento das xornadas divulgativas.
- b) Colaboración co Colexio na posta a disposición das comunidades educativas dos contidos dixitais axeitados, a través do "*espazoAbalar*" e dos medios que se consideren procedentes, para o reforzo da incidencia do programa.

Terceira. Vixencia e causas de resolución.

Este protocolo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2016.

Serán causa de resolución deste protocolo:

- Revogación por vontade de calquera das partes, en calquera momento, que deberá ser notificada cunha antelación mínima de tres meses á data que teña efecto.
- Mutuo acordo das partes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas nel.

Cuarta. Comisión de seguimento e coordinación.

Para a debida análise, concreción e desenvolvemento das iniciativas recollidas neste protocolo, as partes acordan crear unha Comisión de seguimento e coordinación que



estará formada por dúas persoas en representación da Consellería e dúas en representación do Colexio.

Quinta. Relacións laborais.

A sinatura deste protocolo non implica relación laboral contractual ningunha ou de calquera tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste protocolo.

Sexta. Normativa aplicable

Este protocolo de colaboración ten carácter administrativo por razón de contido e materias sobre as que versa, as cales, polo disposto no artigo 4.1.C) e 2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, exclúeno de seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da Comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, asinan este protocolo por duplicado, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes asinantes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	O presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia
--	--